

Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Cartelle para a execución do proxecto denominado Recuperación ambiental de área recreativa na contorna da fonte da Feira de Cartelle

## 1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

## 2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, ten previsto asinar co Concello de Cartelle un convenio para a execución do proxecto denominado Recuperación ambiental de área recreativa na contorna da fonte da Feira de Cartelle.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Para tal fin, mediante a Orde do 30 de decembro de 2020 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2015 00168 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando aquelas actuacións de creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos para a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente.



### 3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Cartelle o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2021.

### 4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Cartelle para a execución do proxecto denominado Recuperación ambiental de área recreativa na contorna da fonte da Feira de Cartelle.

### 5. Fundamentos do convenio

O Concello de Cartelle manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo para acometer o proxecto denominado Recuperación ambiental de área recreativa na contorna da fonte da Feira de Cartelle que ten como obxecto a recuperación dun espazo afectado polas escorreduras e arrastres de terra procedentes dunha fonte antiga situada nunha cota superior.

A solicitude fundaméntase na necesidade de responder de contado ante a grave situación na que se atopa o espazo verde situado na zona da Feira de Cartelle, agravada logo das últimas treboadas da primavera que aumentaron as escorrentas de augas non controladas sobre un espazo adaptado á pendente natural do terreo mediante bancais e no que as perdas de auga procedentes da fonte emprazada nunha cota superior producen importantes arrastres de terra, especialmente nos momentos de fortes choivas. Este espazo incorpora a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental, e cómpre frear o seu deterioro progresivo, acelerado e acentuado desde as treboadas de primavera, para evitar un dano ambiental irreversible.

A intervención é urxente para reverter a situación antes da chegada do inverno, momento en que as chuvias, máis frecuentes e intensas, poden acabar causando danos irreparables na zona contigua pero, sobre todo, nos niveis inferiores polo arrastre de terras e area, pola forte pendente, con perigo de escorreduras e arrastres de terreo.

A recuperación do espazo verde situado no centro da vila, permitirá evitar o deterioro e a degradación dun espazo verde, importante para recuperar o seu uso como zona de lecer, actuando sobre a fonte e o antigo lavadoiro, delimitando a zona cun muro e canalizando e drenando as augas. Esta acción en positivo permite delimitar a zona de lecer e asemade evitar as perdas de terra que poderían provocar efectos negativos sobre a vexetación e a masa arbórea e, por extensión, sobre a estabilidade ambiental de todo o espazo verde da zona.

A necesidade da colaboración solicitada á Vicepresidencia Primeira e Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á que poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Cartelle de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiadas de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2015 00168 *Otras actuacións específicas de protección do ambiente*.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Cartelle.

## **6. Aplicación orzamentaria e importe**

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Administración Local, alcanzará a cantidade máxima de TRINTA E DOUS MIL EUROS (32.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 80,00 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 40.000,00 €.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica  
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso  
(documento asinado electronicamente)